

## PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Segunda a ORDE o 3 de maio de 2023 pola que se aproba a orde de calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, achegamos as seguintes actividades complementarias que se realizarán o longo do curso escolar:

### 1º Trimestre

- Celebraremos o 3 de Novembro o Samagosteen, no que o colexio traballará nas aulas sobre este tema mediante fichas, textos, debuxos, produtos típicos; Realizaremos un photocall do magosto. En diferentes horarios repartiremos as actividades, xogos tradicionais e xantar popular.

- O 24 de novembro de 2022 celebramos o Día Internacional contra a Violencia de Xénero mediante un mural no colexio con lemas en galego e cantaremos unha canción.

- 22 de Novembro Patroa da música, buscaremos a posibilidade dunha visita ou colaboración co conservatorio ou escolas de música.

- Do 1 de Decembro ao 5 de decembro de 2022 celebramos conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia con actividades nas aulas.

- Festival de Nadal: Intentaremos relacionalo co proxecto de Biblioteca ou de Normalización Lingüística. Compoñeremos e decoraremos a árbore de Nadal mediante bolas, estrelas, agasallos...; Realizaremos o festival de Nadal, coa axuda da mestra de música e buscaremos un sitio para facelo ( ximnasio, cine Alovi).

### 2º Trimestre

- 30 de xaneiro de 2024 celebraremos o Día Escolar da non Violencia e da Paz, será en coordinación coa Biblioteca do centro con materiais da mesma temática: posibles camiños de paz, recuncho de paz, pombas e letras.

- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro, realizaremos materiais para completar cun pequeno traballo de investigación sobre a vida e obra de Rosalía (flores para Rosalia) en coordinación co departamento de normalización lingüística.

- Entroido, celebrarase do 12 ao 14 de Febreiro. Proporemos a figura do Meco con peticións de disfraces durante 3 días, o 4º día será de temática libre e o último día propoñeremos a posibilidade dun pequeno desfile con cancións polo colexio, arredores, concello.

- 8 de marzo de 2024 celebramos o Día Internacional da Muller, realizaremos un pequeno mural interactivo (códigos QR) de mulleres deportistas/nutricionistas.

- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

### 3° Trimestre

- 5 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde. Á volta ou antes de Semana Santa traballaremos para esta conmemoración en colaboración da temática de biblioteca.

- Do 15 ao 19 de abril de 2024: Semana do Libro, actividades en coordinación coa Biblioteca do centro.

- 3 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar, propoñeremos unha charla e consciencia sobre este tema.

- 9 de maio de 2014: Día de Europa, no que conmemoramos a unidade e paz en Europa.

- Do 13 ao 16 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas, crear un mural en coordinación con Normalización Linguística.

- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente, buscar unha actividade ou canción para este día.

- 20/21 de Xuño, festival de fin de curso, coa colaboración da mestra de música.

- Teñen especial relevancia as excursións de fin de curso (especialmente a de 6º de Primaria): propoñeremos distintas saídas por ciclos/niveis, previsiblemente nas primeiras semanas do mes de Xuño, con distintos destinos de excursión entre eles: Lago das Pontes, Castro Viladonga, Coruña, Casa das Abellas, Viveiro, Marcelle, Lugo, Ferrol, Santiago, Illas Cíes, Ons...

Debemos destacar que ao longo do curso proponse realizar, como mínimo, unha saída por trimestre e curso. Estas saídas, nalgúns casos, están por determinar os lugares que se visitarán.